



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 732

DENOMINACIÓN: Expedientes de axudas a entidades sen fins de lucro para actividades de promoción comercial.

Función: Comercio e Consumo. Comercio
Fomento

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación Interna (22-03-1990/17-12-2001).

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo/Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial (08-02-2002/19-01-2003).

Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial (20-01-2003 / 08-11-2005).

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial. (09-11-2005 / 21-12-2006).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial (22-12-2006 / 17-06-2009).

Consellería de Economía e Industria. Dirección xeral de Comercio. Subdirección xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial e da Artesanía (18-06-2009 /).

DATAS EXTREMAS:

1994/

No Arquivo de Galicia: 1994/1999.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual.

SOPORTE: papel

FORMATO: expediente.

FORMA: orixinal.

VOLUME: 42 unidades de instalación; 4 m.l. (Arquivo de Galicia. Tambre).

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para a concesión de axudas destinadas a asociacións de carácter territorial, sen ánimo de lucro, ou calquera outra entidade representativa de comerciantes para o desenvolvemento de distintas accións de fomento, promoción e dinamización comercial en Galicia.

Estas axudas concréntanse en varias liñas que foron convocadas de forma conxunta, independente ou con accións fusionadas, dependendo dos anos, o que leva a que se agrupen, posto que os seus obxectivos e a súa tramitación son moi similares. Pódense distinguir, basicamente, tres liñas de actuación:



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Incentivación da demanda comercial para potenciar a implantación de novas fórmulas de distribución comercial desenvolvidas polos comerciantes, mellorar a loxística do comercio, así como acadar unha imaxe máis competitiva do comercio galego polo miúdo (LIÑA INCEN).
- Cooperación empresarial, para mellorar a competencia nos mercados de distribución, e fomentar a creación e desenvolvemento de organizacións comerciais que supoña unha alternativa real de compra para os consumidores e de distribución para os produtores, xunto coa promoción da calidade no comercio mediante un distintivo propio de calidade do comercio galego (LIÑA COOP).
- Revitalización de centros comerciais abertos e eixes comerciais, como unha das iniciativas que poidan facilitar a recuperación das vilas en xeral e do seu comercio en particular, tanto desde o punto de vista económico e social como tamén urbanístico, contribuíndo a evitar o despoboamento que nos últimos anos se está a producir nos centros urbanos (LIÑA MECCA).

LEXISLACIÓN:

Estatal

Real Decreto 2276/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de feiras interiores, reforma de estruturas comerciais, comercio interior e Cámaras de Comercio, Industria e Navegación. (BOE nº 222, do 16 de setembro de 1982) (DOG nº 20, do 15 de outubro de 1982).

Autonómica

Decreto 115/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de competencias en materia de feiras interiores, reforma de estruturas comerciais, comercio interior e Cámaras de Comercio, Industria e Navegación (DOG nº 20, do 15 de outubro de 1982).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo (DOG núm. 55, do 18 de marzo).

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG nº 249, do 29 de decembro de 2010).

ORDES DE SUBVENCIÓN

Orde do 10 de agosto de 1994 pola que se regula a concesión de subvencións para actividades de promoción comercial, produtos galegos e certames feirais a través de asociacións (DOG nº 160, do 19 de agosto de 1994).

Orde do 15 de setembro de 1998 pola que se regula a concesión de subvencións a federacións e a asociacións sen fins de lucro para actividades de loxística, promoción e distribución comercial (DOG nº 186, do 24 de setembro de 1998).

Orde do 22 de marzo de 1999 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e federacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial (DOG nº 63, do 5 de abril de 1999).

Orde do 22 de maio de 2000 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e federacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial (DOG nº 101, do 25 de maio de 2000).

Orde do 17 de novembro de 2000 pola que se amplía a dotación orzamentaria da do 22 de maio de 2000 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e federacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial (DOG nº 231, do 29 de novembro de 2000).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 26 do febreiro de 2001 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico -comercial, implantación de programas de calidade, asesoramento e asistencia técnica ao comercio retalista, en desenvolvemento do Programa Cuadrienal de Modernización do Sector Comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2001 (DOG nº 48, do 8 de marzo de 2001).

Orde do 27 de febreiro de 2001 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial, en desenvolvemento do Programa Cuadrienal de Modernización do Sector Comercial Retalista de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2001 (DOG nº 48, do 8 de marzo de 2001).

Orde do 6 de xullo de 2001 pola que se abre unha segunda convocatoria de solicitude de concesión de subvencións a asociacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial, en desenvolvemento do programa cuadrienal do sector comercial retalista de Galicia para o ano 2001 (DOG nº 136, do 13 de xullo de 2001).

Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2002).

Orde do 18 do abril de 2002 pola que se procede á convocatoria para o ano 2002 de subvencións para asociacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial, en desenvolvemento do programa cuadrienal de



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

modernización do sector comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XI da Orde do 11 de marzo de 2002 publicada no Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo (DOG nº 237, do 10 de maio de 2002).

Orde do 22 do abril de 2002 pola que se procede á convocatoria para o ano 2002 de subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, implantación de programas de calidade, asesoramento e asistencia técnica ó comercio retalista, en desenvolvemento do programa cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XII da Orde do 11 de marzo de 2002 (DOG nº 90, do 10 de maio de 2002).

Orde do 26 de novembro de 2002 pola que se procede a convocatoria para o ano 2003 de subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, implantación de programas de calidade, asesoramento e asistencia técnica ó comercio retalista, en desenvolvemento do Programa Cuadrienal de Modernización do Sector Comercial Retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XII da Orde do 11 de marzo de 2002 (DOG nº 239, do 12 de decembro de 2002).

Orde do 28 de novembro de 2002 pola que se convocan para o ano 2003 subvencións a asociacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial, en desenvolvemento do Programa cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XI da Orde do



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

11 de marzo de 2002 publicada no Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo (DOG nº 237, do 10 de decembro de 2002).

Orde do 10 de decembro de 2003 pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de subvencións á asociacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial, en desenvolvemento do Programa cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XI da Orde do 11 de marzo de 2002 publicada no Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2004).

Orde do 11 de decembro de 2003 pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, implantación de programas de calidade, asesoramento e asistencia técnica ó comercio retalista, en desenvolvemento do Programa cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XII da Orde do 11 de marzo de 2002 (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2004).

Orde do 16 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da distribución, loxística e promoción comercial, en réxime de concorrência competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005 (DOG nº 41, do 1 de marzo de 2005).

Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2005, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada, en desenvolvemento do Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego (DOG nº 41, do 1 de marzo de 2005).

Orde do 24 de abril de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a asociacións de comerciantes e outras entidades sen fins de lucro, para actuacións dirixidas á incentivación da demanda no ámbito do comercio retalista, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006 (DOG nº 87, do 8 de maio de 2006).

Orde do 25 de abril de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento de integracións estratéxicas, a cooperación empresarial, a realización de actividades de formación, estudos e investigacións que teñan por obxecto a distribución comercial en Galicia, en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego (DOG nº 87, do 8 de maio de 2006).

Orde do 26 de abril de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para actuacións de desenvolvemento equilibrado nos centros comerciais abertos de Galicia e os eixes comerciais das vilas e cabeceiras de comarca, de acordo cos obxectivos fixados no Plan de renovación e mellora do comercio galego. (DOG nº 87, do 8 de maio de 2006). Corrección de erros (DOG nº 91, do 12 de maio de 2006).

Orde do 3 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (liña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (liña COOP) e



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (liña MECCA), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria (IN219A). (DOG nº 70, do 11 de abril de 2007). Corrección de erros (DOG nº 80, do 25 de abril de 2007).

Orde do 29 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (liña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (liña COOP) e desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (liña MECCA), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria (IN219A). (DOG nº 50, do 11 de marzo de 2008). Corrección de erros (DOG nº 55, do 18 de marzo 2008).

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (liña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (liña COOP) e desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (liña MECCA), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN219A) (DOG nº 32, do 16 de febreiro de 2009).

Orde do 30 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, en desenvolvemento do Plan Ágora, Agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN219A-presentación



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

electrónica). (DOG nº 69, do 14 de abril de 2010. Corrección de erros (DOG nº 74, do 21 de abril de 2010).

Orde do 28 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN220A-presentación electrónica) (DOG nº 85, do 6 de maio de 2010).

Orde do 26 de outubro de 2010 pola que se modifica o artigo 17.1º do anexo I da Orde do 28 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN220A-presentación electrónica (DOG nº 209, do 29 de outubro de 2010).

Orde do 22 de novembro de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria e se modifica o artigo 17º.1 do anexo I da Orde do 28 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN220A-presentación electrónica) (DOG nº 228, do 26 de novembro de 2010).

Orde do 8 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

de comerciantes sen fin ce lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, en desenvolvemento do Plan Ágora, Agora Re-comercia 2010-2013 e se procede a súa convocatoria, (IN219A-presentación electrónica). (DOG nº 86, do 4 de maio de 2011). Corrección de erros (DOG nº 96, do 19 de maio de 2011).

Orde do 15 de novembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, cofinanciadas polo Feder, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, para a incentivación da demanda comercial, en desenvolvemento do Plan ÁGORA, Agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN220A) (DOG Nº 220, do 17 de novembro de 2011).

PROCEDEMENTO

Aplicacións orzamentarias:

1994:08.03.521-A.782/08.03.731-A.780

1998:08.04.453-A.780.0

1999:08.04.753-A.780.0

2000:08.04.753-A.781.0

2001:08.04.753-A.781.0/213A

2001:08.04.753-A.780.0/215A

2002:08.07.753-A.780.2/213A

2002: 08.04.753-A.780.1/215A

2003: 08.04.753A 780.2/213A

2003: 08.04.753-A.780.1/215A

2004: 08.04.521V.780.2/213A

2004: 08.04.521-V.780.1/215A



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

2005: 08.04.521V 780.2/213A
2005: 08.04.5 21-V.780.1/215A
2006: 10.05.521-A.780.2/213A
2006: 10.05.521-A.780.1/215A
2006: 10 05.521A 780.3/222A
2007: 10.05.751A.781.1/219A
2008: 10.05.751A.781.1/219A
2009: 10.05.751A.781.1/219A
2010: 08.03.751A 781.1/219A
2010: 08.03.751A 781.1/220A
2011: 08.03.751A 781.1/219A
2011: 08.03.751A 781.1/220A

Códigos procedemento:

IN209A: Subvencións a asociacións sen fin de lucro para accións de promoción comercial, produtos galegos e certames feirais

IN 213A. (1998-2006)

- Subvencións a asociacións e federacións sen fins de lucro para actividades de distribución, loxística e promoción comercial (1998-2005).
- Axudas a asociacións de comerciantes e outras entidades sen fins de lucro, para actuacións dirixidas á incentivación da demanda no ámbito do comercio retalista (2006).

IN 215A. (2001-2006).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, implantación de programas de calidade, asesoramento e asistencia técnica ó comercio retalista (2001-2004).
- Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada (2005).
- Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para actuacións de desenvolvemento equilibrado nos centros comerciais abertos de Galicia e os eixes comerciais das vilas e cabeceiras de comarca (2006)

IN222A. (2006)

- Subvencións para o fomento de integracións estratéxicas, a cooperación empresarial, a realización de actividades de formación, estudos e investigacións que teñan por obxecto a distribución comercial en Galicia (2006).

IN 219A. (2007-2011)

- Subvencións ás asociación de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (liña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (liña COOP) e desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (liña MECCA) (2007-2009).
- Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia (2010-2011).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

IN 220A. (2010)

- Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais (2010).

Trámites:

- Publicación da orde de subvención no Diario Oficial de Galicia.
- Presentación das solicitudes por parte dos interesados nas delegacións provinciais, servizos centrais ou por calquera dos medios recollidos nas leis de procedemento (a partir de 2009 a través do rexistro telemático da Xunta de Galicia).
- Elaboración dun informe de avaliación polos servizos técnicos da Dirección Xeral ou Comisión de Valoración (a partir de 2005).
- Redacción da proposta de resolución polo órgano instructor ou comisión de valoración (a partir de 2005).
- Ditado da resolución definitiva do conselleiro.
- Comunicación da resolución aos solicitantes.
- Aceptación ou renuncia á subvención / axuda.
- Xustificación das actividades realizadas.
- Liquidación e pagamento das axudas.

Esta serie inclúe tamén convenios (nos anos 1995, 1996 e 1997 non se convocan subvencións), que deberán recoller, como mínimo:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.

A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requiriran a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia

DOCUMENTOS BÁSICOS

- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada.
- Solicitud acompañada, entre outros por:
 - Acta e estatutos de constitución, modificacións posteriores, de ser o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, así como código de identificación fiscal.
 - Poder suficiente do representante da entidade solicitante.
 - Memoria – Programa detallado, orzamento desagregado e financiamento do proxecto ou actuación que se vai desenvolver.
 - Certificado expedido polo secretario da asociación que acredite o número de asociados que estean dados de alta e relación en soporte informático das empresas participantes no proxecto.
 - Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.
- Nomeamentos dos membros, convocatorias ás sesións e actas da Comisión de Valoración (a partir de 2005).
- Proposta de resolución por parte da Comisión Avaliadora (a partir de 2005).
- Resolución definitiva do conselleiro.
- Notificación aos interesados ou publicación da resolución.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
- Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda.
- Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables etc...)

ORDENACIÓN

Cronolóxico-numérica, diferenciándose en función da liña no caso dalgunhas convocatorias.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos Arquivo de Galicia: IN03(76-00)94-04.mdb

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Tendo en conta o prazo de catro anos establecido polo art. 39 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de de subvencións para que a Administración recoñeza ou liquide o reintegro, establécese un período de 5 anos de vixencia do valor administrativo, a partir da data de finalización do procedemento, agás os expedientes do ano 2011 para os que se establece un período de 15 anos (utilizan fondos Europeos).

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, deixa constancia da axuda económica recibida e das obrigas e dereitos adquiridos coa súa concesión e a súa vixencia é a mesma ca do valor administrativo



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, os expedientes testemuñan os apoios económicos prestados pola administración autonómica para o fomento e a dinamización comercial en Galicia, a través de entidades sen ánimo de lucro no período en que estas axudas foron concedidas.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

738: Expedientes de axudas para actividades de promoción comercial e celebración de certames feirais de carácter comercial.

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES:

DOCUMENTOS COMPILADORES:

Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Ao Arquivo Intermedio/Histórico aos cinco anos do seu ingreso, a mostra resultante tras a eliminación

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57)

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación:

Cataluña propón eliminación total aos 5 anos

Proposta:

Tendo en conta os valores citados anteriormente propórase a conservación parcial, conservando o "expediente xeral das convocatorias" (orde, informes, resolucións, actas de valoración de solicitudes, documentos contables RC, A, D), ata a creación do Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios no ano 2005, eliminando o resto da documentación, pero debido a que na documentación conservada no Arquivo de Galicia non atopamos ningún expediente xeral, propoñemos solicitar a



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

súa transferencia ao servizo produtor; no caso de que non existan conservarse a totalidade da documentación de cada unha das convocatorias.

- No caso dos expedientes de convenios conservárase a totalidade da documentación

O expurgo, de ser o caso, farase no Arquivo intermedio aos 5 anos dende o fin da tramitación administrativa.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Volume: pendente da última revisión das bases de datos.

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: Diferentes liñas de actuación e procedementos empregados nestas axudas.

Aínda que se recoñecen liñas de subvención diferente, procedementos distintos e obxectos diferenciados, unha vez consultado o xestor optouse por incorporar todo nunha mesma serie posto que a tramitación por parte do xestor é conxunta.

LIÑA INCEN: Cód. procedemento: IN213A: 1998-2006; IN219A: 2007-2009; IN220A: 2010; IN219A: 2011

LIÑA COOP: Cód. procedemento:

IN215A: 2001-2005; IN222A: 2006; IN219A: 2007-2011

LIÑA MECCA: Cód. procedemento: IN215A: 2001-2006; IN219A: 2007-2011

A continuación amósase un cadro coa distribución cronolóxica dos diferentes procedementos:

1998-2000	2001-2005	2006	2007-2009	2010	2011
IN213A	IN213A	IN213A	IN219A	IN219A	IN219A



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

	IN215A	IN215A		IN220A	
		IN222A			

A partir do ano 2010 estas axudas inclúense nas actuacións que se levan no desenvolvemento do Plan ÁGORA, Agora Re-comercia 2010-2013.

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: ademais de subvencións existen convenios de colaboración entre a consellería e asociacións de comerciantes, recintos feirais e outras entidades para realizar labores de promoción comercial dos produtos galegos entre os anos 1996 – 2000.

Expediente tipo:

10461-0002 Consorcio de exportacións de empresarios Ría de Arousa
10504-0000 Asociación pro Feria de Muestras "AFEM"

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: xaneiro 2013.